



# Foro Territorio Rural Resiliente

SANTIAGO DE COMPOSTELA 28/05/26

## Mesa 4

**Persoas, Actividades e Poboación**

**Acta 1ª xuntanza. 18/03/2026**

*Coordina: Fundación Roberto Rivas*

ORGANIZA



Fundación  
Juana de Vega

USC LABORATE  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA  
LABORATORIO DO TERRITORIO

COLABORA

  
FUNDACIÓN  
ROBERTO RIVAS



COLEXIO  
PROFESIONAL  
DE XORNALISTAS  
DE GALICIA

**RIA**

## Contido

1.	Benvida e introdución .....	3
2.	Presentación das persoas participantes.....	3
3.	Presentación do documento de partida e resultados do cuestionario previo.....	4
3.1.	Diagnose territorial de partida.....	4
3.2.	Síntese das respostas da enquisa: .....	5
4.	Dinámica de traballo en grupo .....	6
5.	Orientacións cara á 2ª xuntanza .....	10
Anexo I	Listado asistentes.....	11
Anexo II	Respostas enquisas.....	13
Anexo III	Fotos.....	15

**Data: 18 de marzo de 2026**

**Horario: 10:00 – 14:00 h**

**Lugar: Sede da Fundación Roberto Rivas (Siador, Silleda)**

**Coordina: Fundación Roberto Rivas**

## 1. Benvida e introdución

A xuntanza foi inaugurada por Olga Rivas Iglesias, directora da Fundación Roberto Rivas, quen deu a benvida ás persoas participantes e contextualizou o traballo da mesa no marco do Foro Territorio Rural Resiliente. Expúxose que o Foro Territorio Rural Resiliente é unha iniciativa independente promovida pola Fundación Juana de Vega e o Laboratorio do Territorio da Universidade de Santiago de Compostela (LaboraTe), coa colaboración da Fundación RIA, a Fundación Roberto Rivas e o Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia.

Trátase de xerar un espazo de reflexión colectiva en torno a seis mesas de traballos centradas en temas relevantes para a visión territorial, para recoller propostas que contribúan a un territorio rural máis activo, resiliente fronte aos incendios e preparado para afrontar os retos económicos, demográficos, climáticos e ambientais, a través da mellora da ordenación e da xestión territorial. As conclusións de todas as mesas de traballo presentaranse no Foro Territorio Rural Resiliente, previsto para o 28 de maio en Santiago de Compostela, onde se debaterán ante unha audiencia máis ampla para avanzar cara a unha visión compartida do futuro do rural galego.

Esta mesa ten como obxectivo promover unha reflexión compartida sobre o rural galego poñendo o foco na remuda xeracional agrogandeira como principal actividade de xestión activa do territorio, sen perder de vista as dimensións clave que condicionan a retención e atracción de poboación, como o acceso á vivenda, a mobilidade e a dispoñibilidade de servizos básicos.

## 2. Presentación das persoas participantes

Realizouse unha rolda de presentación das persoas asistentes, pertencentes a distintos ámbitos (administración pública, docencia, sector produtivo, entidades sociais, etc.), co obxectivo de garantir unha visión plural e multidisciplinar.

Nome	Apelidos	Entidade á que representa
Alberto	Silva	ABANCA Agro
Estefanía	Taín	Concello de Silleda

Manuel	Fernández	Baños de Molgas
José	Gil	EFA Fonteboa
Eva	González	GDR Limia Arnoia
José	González	Ganadería Lanzán
Esther	Merlo	Madera +
Isolina	Raña	Asociación Empresarias Rurais (ASER)
Lucas	Requejo	Prato DO
Beatriz	Rodríguez	AER Ecofarm
Roman	Sánchez	Cooperativa A Carqueixa
Rosendo	Estevez	Trasdeza Natur
Olga	Rivas	Fundación Roberto Rivas
Vanessa	Loureiro	Fundación Roberto Rivas
Cecilia	Márquez	Fundación Roberto Rivas
Alba	Mouriño	Fundación Roberto Rivas

### 3. Presentación do documento de partida e resultados do cuestionario previo

Olga Rivas presentou o documento de partida e Vanessa Loureiro a síntese das respostas ao cuestionario previo que se compartiu cos participantes previo á xuntanza e que permitiu establecer unha diagnose compartida da situación do rural galego e identificar os principais retos.

#### 3.1. Diagnose territorial de partida

Identificáronse as seguintes barreiras e puntos de mellora con respecto a remuda xeracional no sector agrogandeiro:

- Barreiras económicas e de acceso a financiación
- Barreiras educativas e formativas
- Barreiras tecnolóxicas
- Barreiras burocráticas
- Dificultades de acceso a terra
- Falta de acompañamento técnico
- Percepción de risco e vulnerabilidade no sector
- Incorporar a perspectiva de xénero na abordaxe da remuda xeracional

Tamén se recolleron reflexións sobre outras actividades e aspectos clave que impactan nos espazos rurais e na súa capacidade de resiliencia:

- Mobilidade
- Comercio local
- Outras iniciativas empresariais (ocio e outros servizos ás persoas)
- Servizos sanitarios básicos e especializados (coidados)
- Servizos educativos e formativos
- Vivenda
- Asociacionismo

### **3.2. Síntese das respostas da enquisa:**

A través do cuestionario, recolléronse os seguintes aspectos:

- Aspectos que crees fundamentais / ben recollidos con relación a o documento de partida:
  - Análise da situación demográfica e social do rural.
  - A problemática do relevo xeracional no sector agrongandeiro.
  - Dificultades de acceso a terra, económicas e burocráticas para a incorporación do sector, claves para manter a agricultura e gandeiría como base do medio rural.
- Aspectos que faltan ou están infrarrepresentados:
  - Maios análise das políticas públicas, axudas e novas medidas de acompañamento ao sector.
  - Reforzar a visión integral do territorio: papel do sector forestal, gandeiría extensiva e as comunidades de montes.
  - Impulso a formación, mentoría e a cooperación (educación no rural, a figura das cooperativas e a captación de investimento ligado a bioeconomía e a economía circular).
  - A mobilidade como reto.
- Aspectos a revisar ou matizar:
  - Necesidade dunha visión mais integrada do rural, abordando conxuntamente agricultura, gandeiría e monte.
  - Revisar o exceso de foco no sector agrogandeiro como único motor, incorporando outros sectores económicos do rural.
  - Mellorar a adecuación das políticas a ordenación territorial e a burocracia á realidade das zonas con baixa poboación.

## 4. Dinámica de traballo en grupo

Desenvolveuse unha dinámica tipo *world café*, organizada arredor dos tres conceptos mencionados: persoas, actividades e poboación.

A dinámica de traballo en grupo desenvolveuse mediante unha metodoloxía tipo *world café*, estruturada arredor de tres conceptos que foron o eixe central de cada unha das mesas:

- Persoas – Identificación de líderes/esas, casos de éxito e/ou iniciativas destacadas
- Actividades – Propostas para a acción
- Poboación – Relación entre aspectos demográficos e perda de xestión activa do territorio (obstáculos, barreiras, déficits)

Dividiuse o total de asistentes en 3 grupos de 4/5 persoas que foron rotando de xeito aleatorio en tres roldas de 20 min cada unha.

### Mesa 1 – Persoas

<b>RONDA 1</b>	Que exemplos coñeces de dinámicas positivas de instalación de persoas novas vinculadas ao SECTOR AGRICOLA-FORESTAL?
<b>RONDA 2</b>	Que exemplos coñeces de dinámicas positivas de instalación de persoas novas vinculadas ao SECTOR GANDEIRO?
<b>RONDA 3</b>	Que outras experiencias coñeces que estean logrando atraer a persoas novas e activar economicamente o territorio NOUTROS SECTORES E ACTIVIDADES?

### Mesa 2 – Actividades

<b>RONDA 1</b>	Que accións poden activarse nos próximos 12 meses dende os actores presentes nesta mesa? Que medidas terían maior impacto a curto prazo para reforzar poboación e actividade vinculada á xestión activa do territorio? Como pode a diversificación de actividades contribuír á resiliencia territorial fronte ao cambio climático?
----------------	--

<b>RONDA 2</b>	<p>Que accións poden activarse nos próximos 12 meses desde os actores presentes nesta mesa?</p> <p>Que medidas terían maior impacto a curto prazo para reforzar poboación e actividade vinculada á xestión activa do territorio?</p> <p>Como pode a diversificación de actividades contribuír á resiliencia territorial fronte ao cambio climático?</p>
<b>RONDA 3</b>	<p>Que accións poden activarse nos próximos 12 meses desde os actores presentes nesta mesa?</p> <p>Que medidas terían maior impacto a curto prazo para reforzar poboación e actividade vinculada á xestión activa do territorio?</p> <p>Como pode a diversificación de actividades contribuír á resiliencia territorial fronte ao cambio climático?</p>

### Mesa 3 – Poboación

<b>RONDA 1</b>	<p>Que patróns demográficos están a afectar de forma mais directa á xestión activa do territorio (envellecemento, masculinización, dispersión, perda de explotacións...)?</p> <p>Que relación observades entre perda de poboación e abandono ou infrautilización da terra?</p> <p>Que cambios serían necesarios para facer atractiva a xestión de terra como proxecto vital?</p>
<b>RONDA 2</b>	<p>Que peso real teñen as actividades agrarias e alimentarias na economía local e na xestión activa do territorio?</p> <p>Principais barreiras reais para a remuda xeracional nas empresas (en especial no sector agrogandeiro)</p> <p>Factores críticos para que unha persoa nova decida iniciar o continuar unha empresa / explotación / proxecto</p>
<b>RONDA 3</b>	<p>Que papel xogan a formación, o acompañamento técnico e as redes de apoio nos primeiros anos?</p> <p>O acceso á vivenda e á terra está a actuar como limitante estrutural?</p> <p>Como debemos incorporar a perspectiva de xénero?</p>

O tratamento da información seguiu un proceso estruturado de análise (vaciado, agrupación temática, identificación de patróns e síntese en liñas interpretativas), permitindo pasar das achegas individuais a conclusións compartidas.

#### **4.1. Mesa 1: Persoas**

##### **Rolda 1:**

- Identificación de iniciativas de éxito no ámbito agroforestal baseadas na calidade, diferenciación e orientación a nichos de mercado.
- Os exemplos mais destacados neste caso serían: Casa Grande de Xanceda, Pazo de Vilane e Hifas da Terra.
- Tamén se mencionou a presenza de liderados emprendedores con visión, vinculados ao territorio como Carmen Lence, Josefa de León ou Xusto Sánchez (Finca A Devesa) que impulsan proxectos innovadores con forte identidade local.
- Todas estas iniciativas teñen en común a xeración de impacto económico, social e ambiental a partir de recursos locais.

##### **Rolda 2:**

- Importancia do carácter colectivo das iniciativas no ámbito gandeiro.
- Exemplos destacados: Cooperativa A Carqueixa e Comunidade de Montes de Baroña.
- Necesidade dun contexto favorable (apoio institucional, cooperación, estruturas de acompañamento).
- Experiencias que contribúen á fixación de poboación e á dinamización económica.
- Proxectos que diversifican oportunidades, xeran emprego e dignifican o sector.

##### **Rolda 3:**

- Experiencias baseadas na diversificación de actividades e recuperación de terras.
- Exemplos destacados: TraloAgro (proxecto de retornados con transformación e venda directa) e BioCoop en Verín (gandería extensiva ecolóxica).
- Iniciativas impulsadas por persoas retornadas e novos perfís.
- Aparición de novas fórmulas (colivings, transformación local, venda directa).
- Contribución á activación económica e ao mantemento da poboación no rural.

#### **4.2. Mesa 2: Actividades**

##### **Rolda 1:**

- Posta en marcha de programas de acompañamento ao emprendemento (asesoramento e mentorización).
- Impulso de formación práctica adaptada á realidade do territorio.
- Creación de espazos compartidos (coworking, obradoiros de transformación).
- Fomento do traballo en rede, innovación territorial e conexión entre actores.

- Accións de divulgación e visibilización de oportunidades e boas prácticas.

#### **Rolda 2:**

- Facilitar o acceso á terra, financiamento e vivenda.
- Redución da burocracia e simplificación administrativa.
- Mellora da difusión e acceso ás ferramentas existentes.
- Apoio á diversificación das explotacións e actividades económicas.
- Impulso da comercialización directa e creación de marca.
- Reforzo de modelos cooperativos e dos servizos no territorio.

#### **Rolda 3:**

- A diversificación como clave para a resiliencia territorial.
- Redución da dependencia dunha única actividade económica.
- Mellor aproveitamento sostible dos recursos do territorio.
- Contribución á xestión activa do territorio e prevención de riscos.
- Aumento da estabilidade económica e capacidade de adaptación.

### **4.3. Mesa 3: Poboación**

#### **Rolda 1:**

- Principais factores: envellecemento, masculinización e abandono da terra.
- Relación directa entre perda de poboación e infrautilización do territorio.
- Desvinculación da propiedade e dificultade de xestión das terras.
- Necesidade de modelos de xestión máis colectivos (cooperativos/comunais).
- Importancia de políticas adaptadas á realidade de cada territorio.

#### **Rolda 2:**

- Papel clave do sector agroalimentario na economía local e na xestión territorial.
- Barreiras á remuda xeracional: rendibilidade, globalización, falta de profesionalización.
- Necesidade de reforzar a valorización dos produtos locais.
- Importancia de pechar ciclos produtivos no territorio.
- Impulso de modelos diversificados e adaptados ao contexto.

#### **Rolda 3:**

- Papel esencial da formación, acompañamento técnico e redes de apoio.
- Dificultades de acceso á vivenda e á terra como limitantes estruturais.
- Necesidade de reconectar xeracións e transmitir coñecemento.

- Mellora da mobilidade e dos servizos no territorio.
- Incorporación da perspectiva de xénero e apoio á conciliación.
- Reforzo da autoestima e do atractivo do rural como proxecto vital.

## 5. Orientacións cara á 2ª xuntanza

Unha vez identificadas as prioridades de cada mesa, realízase unha análise transversal para detectar elementos comúns que emerxían en distintas partes do proceso.

Esta análise permite identificar patróns transversais emerxentes, é dicir, ideas ou propostas que aparecen de forma reiterada en diferentes partes do proceso participativo.

Os patróns transversais identificados sintetízanse en liñas estratéxicas de actuación, que agrupan orientacións xerais para abordar os retos identificados durante a dinámica participativa que serán enviados aos participantes na mesa como punto de partida para unha segunda xuntanza que terá lugar o venres, 17 de abril, e que pretende consensuar medidas operativas e actuacións concretas que serán presentadas no Foro do 28 de maio.

**A xornada pechouse destacando a importancia do proceso e agradecendo a excelente participación.**



## Foro Territorio Rural Resiliente

Mediante o presente formulario autorizo ós organizadores e colaboradores do foro a reproducir e comunicar, sen ánimo de lucro, a miña imaxe nas fotografías ou vídeos, que poidan recibirse ou tomarse durante a actividade por calquera medio técnico.  
De forma particular, autorizo á Fundación Roberto Rivas a ceder aos medios de comunicación social ditas documentacións para que ilustren artigos e informacións que versen sobre a actividade, e a que poidan incluírse nas súas páxinas web e memorias.

Nome	Apelidos	Organización	Sinatura	Autorizo a que o meu nome apareza na Web do Foro (indica SI ou NON)
Alberto	Silva	A Banca Agro		si
Estefanía	Taín	Concello de Silleda		SI
Manuel	Fernández	Concello de Baños de Molgas		SI
José	Gil Facorro	EFA Fonteboa		SI
Eva	González	GDR Limia Arnoia		SI
Esther	Merlo	Madera +		h.
Isolina	Raña	Asoc. Empresarias Rurais		
Lucas	Requejo	Prato DO		SI
Beatriz	Rodríguez	AER Ecofarm		SI
Román	Sánchez	Cooperativa A Carqueixa		SI

ORGANIZA  **Fundación Juana de Vega**

**USC LABORATE**  
LABORATORIO DO TERRITORIO

COLABORA  **FUNDACIÓN ROBERTO RIVAS**

 **COLEXIO PROFESIONAL DE XORNALISTAS DE GALICIA**

**Fundación RIA**  
Rede de Innovación Arousa



# Foro Territorio Rural Resiliente

Rosendo	Estévez	Trasdeza Natur		Si
Jose Manuel	Andrade	Fund. Juana de Vega		Si
José	González	Ganadería Lanzán		Si
Vanessa	Loureiro	Fund. Roberto Rivas		Si
Alba	Mouriño	Fund. Roberto Rivas		
Cecilia	Márquez	Fund. Roberto Rivas		
Olga	Rivas	Fund. Roberto Rivas		

ORGANIZA  **Fundación Juana de Vega**

**USC LABORATE**  
LABORATORI DO TERRITORIO

COLABORA  **FUNDACIÓN ROBERTO RIVAS**

 **COLEXIO PROFESIONAL DE XORNALISTAS DE GALICIA**

**Fundación RIA**  
Rede de Innovación Arousa

## Anexo II – Respostas a enquisa

Que aspectos están ben recollidos e son fundamentais do documento de partida? (indica tres aspectos como máximo)

8 respostas

Análise da situación demográfica e social, problemáticas para o relevo, normativa.

Agricultura, Ganadería Relevo generacional

RELEVO, ACCESO Á TERRA

A problemática do relevo xeracional no sector agro gandeiro, como principal actividade que xestiona territorio

O marco do relevo xeracional

.

problemas económicos e burocracia

Creo moi acertado considerar o sector agrogandeiro como columna vertebral do rural

Que falta ou está infra - representado? (indica tres aspectos máximo)

8 respostas

Análise de axudas, análise das políticas reais, sinerxías posibles.

1) Sector forestal no sólo en la producción de madera sino como fuente de recursos ecosistémicos, co2, biodiversidad, agua, conservación, lucha contra el fuego

2) Acompañamiento técnico los primeros años . Mentorías para formación al inicio de las actividades

3) Educación: Formar a los alumnos del rural en el conocimiento de su entorno y de las riquezas que ofrece en cuanto a agricultura, ganadería y bosque

NOVAS POLITICAS DE ACOMPAÑAMENTO, RECUPERACION DA GANDERIA EXTENSIVA, COMUNIDADES DE MONTES DENDE UNHA VISIÓN DE XESTION DO TERRITORIO E PRODUCCION

A necesidade de captar investimento industrial no rural vinculado á economía circular, bioeconomía e valorización de produtos agroforestais

O papel das cooperativas

as ideas que lle deron a unha xeneracion de que estudiara e non quedara no campo

A mobilidade e unha das tarefas pendentes e prioritaria, debemos avanzar e valernos da tecnoloxía para facer unha mobilidade a DOC, pois a clásica non sería eficiente nin sostible

Que afirmacións ou enfoques precisan ser revisados ou matizados? Cales son as principais controversias ou puntos de conflito? (indica tres aspectos máximo)

7 respostas

Modelo territorial real, intereses ocultos, formación e informacion

El rural es un mosaico de agricultura, ganadería y bosque y deberían abordarse conjuntamente. Cada una de estas patas impacta en la otra y así debería entenderse

- AXUDA Á AGRICULTURA, A XESTION DAS COMUNIDADES EN ÁREAS CON BAIA POBOACIÓN

quizais exceso de foco no sector agrogandeiro como motor principal, sen integrar suficientemente outros sectores económicos que tamén fixan poboación e xeran actividade no rural, pero en xeral o documento reflicte ben a problemática

Maior importancia da ordenación territorial e das cooperativas

.

a burocracia que hay hoxe en día con leyes que non se adaptan a realidade

Anexo III – Fotos



